



CIRCULAR 90 – 2022.

XIII CAMPIONATO XUNTA DE GALICIA SUB20, SUB23, ABSOLUTO E MÁSTER DE 10K RUTA.

- *A todas as delegacións da FGA.*
- *A todos/as os/as asembleístas*
- *A todos os clubs galegos con licenza vixente*
- *A todos/as os/as adestradores/as con licenza vixente*
- *A todos/as os/as xuíces/zas galegos/as con licenza vixente*

Art. 1).- A Federación Galega de Atletismo en colaboración co Concello de Ames, organizan o 23 de outubro 2022 en Ames o XIII Campionato Xunta de Galicia sub20, sub23, absoluto e máster de 10 km Ruta. Esta proba disputarase conxuntamente coa XXI edición da Carreira Pedestre Popular Concello de Ames.

Art.2).- No Campionato de Galicia poderán intervir todos/as aqueles/as atletas das citadas categorías, que teñan ficha ó longo da tempada actual (2022) pola FGA.

Art.3).- A saída da proba terá lugar ás 10.30 horas nas inmediación da Rúa Alcalde Lorenzo de Bertamiráns (Ames)

Art.4).- As inscricións realizaranse a través do sistema online na web da RFEA <https://sdp.rfea.es/auth/login> ata as 20:00 horas do luns 17 de outubro do 2022.

Art.5).- Os/as tres primeiros/as atletas clasificados de cada unha das categorías recibirán unha medalla conmemorativa do campionato, sendo de obrigado cumprimento acudir ao protocolo de premiacións. Caso contrario, non se fará entrega da medalla.

Art.6).- Os/as atletas deberán utilizar o dorsal outorgado pola organización de forma totalmente visible por diante, en toda a súa superficie. O incumprimento desta norma poderá ser motivo da descualificación. Será responsabilidade dos/as atletas levar consigo imperdibles ou calquera outro sistema de colocación.

Art. 7).- Os/as atletas participantes no Campionato de Galicia, deberán pasar por cámara de chamadas que estará aberta entre ás 9:45 e 10:15. Unha vez rematado este tempo, non se admitirá a participación do/a atleta agás casos debidamente xustificadas. O horario de cámara de chamadas poderá ser modificado en función do número de inscritos/as.



CIRCULAR

Complexo Deportivo de Elviña, Avenida de Glasgow, 13
15008 A Coruña. - T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal
atletismo.gal - carreirasgalegas.com

Art. 8).- A organización establecerá distintos controis polo circuíto para controlar o paso dos/as participantes.

Art. 9).- O control da carreira estará dirixido polo Comité Galego de Xuíces. Todas as reclamacións deberán facerse directamente ó/á xuíz árbitro da proba como máximo ata 30 minutos despois da publicación dos resultados.

Art.10).- A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. Aplicaranse as seguintes penalizacións polo incumprimento da normativa de inscricións:

- Nas 24 horas previas e no propio campionato calquera baixa ou a non participación final no Campionato terá unha sanción de 5 euros por proba, salvo causa xustificada e comunicada previamente por escrito á FGA direcciontecnica@atletismo.gal
- Os posibles cargos derivados do incumprimento na comunicación das posibles baixas, seguirán as consideracións establecidas na normativa técnica da FGA para a tempada 2022.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á F.G.A. (6 euros por atleta con datos falsos).
- Se non realiza a inscrición no prazo estipulado, deberá aboar 3 euros de recargo.
- A aceptación do participante por inscribirse fóra de prazo será competencia do director técnico, en función das características da proba onde se desexe inscribir o/a atleta, podendo ser esta denegada.

Art.11).- Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orde, de acordo as normas da F.G.A., R.F.E.A. e W.A.

A Coruña, a 29 de setembro de 2022

Carlos Castro Vicente
Secretario da Comisión Xestora da Federación Galega de Atletismo